

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 1 DE ABRIL DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día un de Abril de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 25 de Marzo.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

O **Servicio Galego de Saúde**, con domicilio social no Edificio Administrativo San Caetano de Santiago de Compostela, para que poida levar a cabo obras consistente en reparacións no Centro de Saúde desta Vila; se as obras se executan co Centro en servicio,

os técnicos directores tomarán as medidas adecuadas evitando que os usuarios se atopen na zona de obras, cerrando alternativamente as mesmas. A validez desta licenza é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licenza, o cal importe é de 449.394 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Don Angel Antonio González Fernández, veciño desta Vila, con domicilio en Avda. do Ribeiro, 49, 2º D, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na Estrada de Carballiño do lugar de San Cristovo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que di: "Segundo Estudio de Detalle corresponde a UMA III.- Ordenanza 3.2.2. Usos Mixstos.- Aliñacións e rasantes segundo Plano.- Cabe destacar: parcela mínima, 60 m²; fronte mínima, 6 m.; altura máxima, B+2; permítese o aproveitamento baixo cuberta; fondo máximo, 12 m.; as condicións estéticas son comúns a tódolos graos; pendente máxima cuberta 45% partindo da liña de cornisa"

Visto o escrito de Don Raúl Gómez Pousa, veciño desta Vila, con domicilio na rúa do Carballiño, 26, 3º C, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita na "Xarmenta" de San Cristovo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que di: "Solo clasificado como solo non urbanizable normal SNU/N, ordenanza 6.3.- 6.3 ORDENANZA SNU/N, SOLO NON URBANIZABLE NORMAL.- "6.3.1.- DEFINICION.- Espacio destinado á explotación directa do solo, xa sexa agrícola, forestal, pecuaria, así como á explotación de filóns e extracción de terras, rocas e minerais.- 6.3.2.- AMBITO TERRITORIAL.- Todo o territorio municipal, excepto o calificado como urbano, de reserva urbana ou non urbanizable doutro tipo.- 6.3.3.- NORMAS DE USO.- 6.3.3.1.- USOS PREVISTOS.- Explotacións agrícolas, pecuarias e forestais; explotacións de filóns petrográficos e mineralóxicos; construcións vinculadas ás obras públicas; edificacións e instalacións de utilidade pública ou social; vivendas familiares sen formar núcleo; campings.- 6.3.3.2.- USOS TOLERADOS.- Industrias vinculadas a filóns; industrias illadas; almacéns de produtos insalubres, nocivos, tóxicos ou perigosos; grande industria.- 6.3.4.- NORMAS DE VOLUME.- 6.3.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Retranqueo mínimo:

frontal, cinco metros a partir da arista exterior de calzada; lateral posterior: usos de vivenda, tres metros; usos menores (casetas, alpendres, etc), sen límite; outros usos, tres metros.- 6.3.4.2.- CONDICIONS DA PARCELA.- Parcela mínima: unidade de cultivo.- 6.3.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: uso de vivenda, dúas plantas ou oito metros; usos menores, unha planta ou cinco metros; outros usos os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificadas".- Referencia ás NN.SS.P.- Ribadavia corresponden á área 2 cunha superficie mínima de parcela edificable de 4.000 m2.- Tramitación do expediente segundo determina o artigo 42 LSG.- E aplicable a normativa concurrente a este tipo de solo".-

Visto o escrito de Don Antonio Domínguez Rosendo, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Avda. Redondela, 22, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acceder ó solicitado coa condición de que a acometida será supervisada polos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, interesado expediente en relación co recurso contencioso administrativo nº 02/0004617/1996, acordando esta Comisión, sexa remitido o mesmo.

Da Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, interesado expediente en relación co recurso contencioso administrativo nº 02/0004618/1996, acordando esta Comisión, sexa remitido o mesmo.

Da Deputación Provincial, copia do Decreto concedendo subvención de 500.000 pesetas para "Local social para vivendas de protección oficial da Estrada do Carballiño".

Da Deputación Provincial, copia do Decreto concedendo subvención de 300.000 pesetas para "Mantemento equipo Club Fútbol

Francelos".

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Marzo presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 105.600 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó Padrón Municipal do Prezo Públicolco pola Subministración de Auga Potable, correspondente ó 5º bimestre do exercicio 1995, por un importe total de 2.717.834 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó Padrón Municipal do Prezo Público pola Subministración de Auga Potable, correspondente ó 6º bimestre do exercicio 1995, por un importe total de 2.717.834 pesetas.

APROBACION DO PROXECTO DENOMINADO "ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO A RIBADAVIA".- A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- aproba-lo proxecto técnico da obra "Abastecemento e Saneamento a Ribadavia" do Plano Operativo Local 1996, núm. 215, redactado polo Enxeñeiro, Don Segundo Alvarado Blanco, cun orzamento total de contrata de 15.700.000 pesetas. SEGUNDO.- Solicitar á Deputación Provincial a delegación de competencias para a realización da devandita obra.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.

